

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15006754	Ferrolterra	Ferrol	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
IMA	Instalación e mantemento	CSIMA03	Mecatrónica industrial	Ciclos formativos de grao superior	Réxime de adultos

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0941	Configuración de sistemas mecatrónicos	2023/2024	6	140	140
MP0941_12	Planificación de sistemas mecatrónicos	2023/2024	6	70	70
MP0941_22	Elaboración de documentación en sistemas mecatrónicos	2023/2024	6	70	70

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	MARÍA TERESA IGLESIAS BOUZA
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión equipo directivo

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Está regulado polo Decreto 109/2013, do 4 de xullo, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en mecatrónica industrial.

Proxecto de FP dual coa empresa Tamoin S.L.U., no que se combinarán os procesos de ensino e aprendizaxe na empresa e no centro formativo.

Este módulo profesional contén a formación necesaria para desempeñar a función de configuración de sistemas mecatrónicos aplicada nos procesos de mantemento industrial.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Formación en empresa	Formación curricular que se adquirirá na empresa	20	16
2	Características dos sistemas mecatrónicos	Determinación das características de sistemas mecatrónicos	20	17
3	Configuración dos sistemas mecatrónicos	Configuración de sistemas mecatrónicos	30	17
4	Formación en empresa	Formación curricular que se adquirirá na empresa	0	0
5	Planos. Tipos de planos. Interpretación. Software específico: Autocad e SolidWorks	Elaboración de planos	30	25
6	Orzamentos. Bases de datos de prezos. Software específico: Microsoft Excel	Elaboración de orzamentos	15	10
7	Documentación técnica. Software específico: Microsoft Word, Microsoft PowerPoint e Microsoft Project.	Elaboración de documentación técnica	25	15

4. Por cada unidade didáctica
4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Formación en empresa	20

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Determina as características do sistema mecatrónico ou das modificacións que se van realizar, analizando o programa de necesidades e as condicións de deseño.	SI
RA2 - Configura o sistema ou a súa modificación, seleccionando equipamentos e elemento, e xustifica a elección.	NO

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Obtivéronse os datos de partida relativos ao sistema ou á modificación.
CA1.2 Obtívose información sobre os subsistemas que integran o conxunto.
CA1.3 Propuxéronse solucións de configuración.
CA1.4 Avaliouse a viabilidade das solucións.
CA1.5 Seleccionouse a solución idónea para configurar o sistema ou a modificación.
CA1.6 Colaborouse entre compañeiros durante a realización das tarefas.
CA1.7 Amosouse interese pola evolución tecnolóxica do sector.
CA2.1 Identificáronse os sistemas, os grupos funcionais e os elementos mecatrónicos afectados.
CA2.2 Configuráronse os sistemas mecatrónicos, satisfacendo os requisitos funcionais.
CA2.3 Identificáronse os elementos mecatrónicos que requiran determinar as súas dimensións e formas.
CA2.4 Identificáronse os elementos ou compoñentes críticos do produto.
CA2.5 Especificáronse os esforzos aos que están sometidos os elementos e os órganos, así como as súas dimensións.
CA2.6 Establecéronse as dimensións de elementos e órganos.

Criterios de avaliación

CA2.7 Seleccionáronse os elementos mecatrónicos comerciais e de subministracións industriais.

4.1.e) Contidos

Contidos

Implantación e colocación de equipamentos, liñas, etc.

OPuntos de lubricación.

Especificacións técnicas de sistemas automatizados.

Tipos de cimentacións e bancadas de equipamentos.

Cadros e instalacións mecánicas, eléctricas, pneumáticas e hidráulicas.

Requisitos ergonómicos.

Interpretación de esquemas mecánicos, eléctricos, pneumáticos e hidráulicos eléctrico-electrónicos.

Condicións da posta en marcha de sistemas mecatrónicos.

Procedementos de posta en marcha de sistemas mecatrónicos.

Cadeas cinemáticas.

Réximes de funcionamento.

Características dos procesos produtivos.

Desenvolvemento de solucións construtivas de produtos mecatrónicos.

Catálogos comerciais de elementos mecatrónicos.

Cálculo da vida útil dos elementos normalizados.

Integración de sistemas de adquisición de datos.

Contidos
Normas de seguridade e ambientais aplicables á configuración de sistemas mecatrónicos.
Selección dos elementos de seguridade e control.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Características dos sistemas mecatrónicos	20

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Determina as características do sistema mecatrónico ou das modificacións que se van realizar, analizando o programa de necesidades e as condicións de deseño.	SI

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Obtivéronse os datos de partida relativos ao sistema ou á modificación.
CA1.2 Obtívose información sobre os subsistemas que integran o conxunto.
CA1.3 Propuxéronse solucións de configuración.
CA1.4 Avaliouse a viabilidade das solucións.
CA1.5 Seleccionouse a solución idónea para configurar o sistema ou a modificación.
CA1.6 Colaborouse entre compañeiros durante a realización das tarefas.
CA1.7 Amosouse interese pola evolución tecnolóxica do sector.

4.2.e) Contidos

Contidos
Implantación e colocación de equipamentos, liñas, etc. OPuntos de lubricación. Especificacións técnicas de sistemas automatizados. Tipos de cimentacións e bancadas de equipamentos. Cadros e instalacións mecánicas, eléctricas, pneumáticas e hidráulicas. Requisitos ergonómicos. Interpretación de esquemas mecánicos, eléctricos, pneumáticos e hidráulicos eléctrico-electrónicos. Condicións da posta en marcha de sistemas mecatrónicos. Procedementos de posta en marcha de sistemas mecatrónicos. Cadeas cinemáticas. Réximes de funcionamento.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Configuración dos sistemas mecatrónicos	30

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Configura o sistema ou a súa modificación, seleccionando equipamentos e elemento, e xustifica a elección.	SI

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Identifícaronse os sistemas, os grupos funcionais e os elementos mecánicos afectados.
CA2.2 Configúranse os sistemas mecánicos, satisfacendo os requisitos funcionais.
CA2.3 Identifícaronse os elementos mecánicos que requiran determinar as súas dimensións e formas.
CA2.4 Identifícaronse os elementos ou compoñentes críticos do produto.
CA2.5 Especificáronse os esforzos aos que están sometidos os elementos e os órganos, así como as súas dimensións.
CA2.6 Establecéronse as dimensións de elementos e órganos.
CA2.7 Seleccionáronse os elementos mecánicos comerciais e de subministracións industriais.
CA2.8 Calculouse a vida útil dos elementos normalizados sometidos a desgaste ou rotura.

4.3.e) Contidos

Contidos
Características dos procesos produtivos.
Desenvolvemento de solucións construtivas de produtos mecánicos.
Dimensionamento e selección de elementos.
Catálogos comerciais de elementos mecánicos.
Cálculo da vida útil dos elementos normalizados.
Planos necesarios para a modificación do sistema.
Integración de sistemas de adquisición de datos.
Normas de seguridade e ambientais aplicables á configuración de sistemas mecánicos.

Contidos
Selección dos elementos de seguridade e control.

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Formación en empresa	0

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Planos. Tipos de planos. Interpretación. Software específico: Autocad e SolidWorks	30

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Elabora planos de conxunto e de detalle, dando resposta ás modificacións introducidas e seleccionando o sistema e o formato máis adecuados.	SI

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Seleccionouse a escala que cumpra utilizar.
CA1.2 Determináronse alzados, plantas e seccións necesarios para lle dar unha mellor definición ao debuxo.
CA1.3 Ordenáronse as vistas ou as informacións necesarias que aparecen nun mesmo plano.
CA1.4 Representáronse os alzados, as plantas, os perfís e as seccións que forman parte da información gráfica que conteñen os planos.
CA1.5 Seleccionáronse os utensilios, o soporte e os formatos máis adecuados para a realización dos planos.
CA1.6 Identificáronse e nomeáronse os planos que inclúe o proxecto.
CA1.7 Cotáronse os planos, determinando a posición e a ensamblaxe dos sistemas mecánicos.
CA1.8 Identificouse a simboloxía de elementos normalizados nos planos.

4.5.e) Contidos

Contidos
Deseño asistido por computador: CAD, CAM, CIM, CAE.
Debuxos de conxunto: características. Cadro de rotulaxe. Marcas e lista de materiais.
Tolerancias dimensionais. Calidade e posición da zona de tolerancia.
Axustes. Sistemas ISO de axuste.
Esquemas de distribución. Planos xerais.

Contidos
Planos de detalle. Planos de montaxe. Simboloxía de elementos normalizados.

4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	Orzamentos. Bases de datos de prezos. Software específico: Microsoft Excel	15

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Elabora orzamentos dos sistemas ou das modificacións, utilizando aplicacións informáticas e bases de prezos.	SI

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Empregáronse criterios de medición na realización das medicións.
CA2.2 Empregáronse criterios de valoración para a elaboración de orzamentos.
CA2.3 Utilizáronse aplicacións informáticas na elaboración do orzamento.
CA2.4 Utilizáronse bases de datos de prezos de instalacións.
CA2.5 Xeráronse os prezos a partir de catálogos de fabricante.

4.6.e) Contidos

Contidos
Medicións: criterios de medición. Orzamentos: capítulos; unidades de obra; criterios para a valoración.

Contidos
Aplicacións informáticas. Uso de bases de datos de prezos.

4.7.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
7	Documentación técnica. Software específico: Microsoft Word, Microsoft PowerPoint e Microsoft Project.	25

4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Elabora a documentación técnica da configuración dun sistema mecatrónico ou as súas modificacións, cubrindo todas as súas partes.	SI

4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Determinouse o plan de obra da implantación ou modificación dun sistema mecatrónico.
CA3.2 Elaborouse o prego de condicións dun sistema mecatrónico.
CA3.3 Determináronse as condicións de entrega, embalaxe e transporte das subministracións que deba cumprir o proveedor.
CA3.4 Realizáronse propostas de homologación de elementos non estandarizados.
CA3.5 Elaborouse o manual de funcionamento dos sistemas mecatrónicos.
CA3.6 Compuxéronse e montáronse ordenadamente os documentos do sistema mecatrónico.
CA3.7 Actualizáronse os historiais dos elementos mecatrónicos e das modificacións realizadas sobre eles.
CA3.8 Establecéronse pautas para a revisión e a actualización da documentación técnica.

4.7.e) Contidos

Contidos
Elaboración da documentación técnica.
Dossier de máquina.
Plan de obra.
Manual de funcionamento.

5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

<p>Mínimos exexibles:</p> <p>CA1.1. Obtivéronse os datos de partida relativos ao sistema ou á modificación.</p> <p>CA1.2. Obtívose información sobre os subsistemas que integran o conxunto.</p> <p>CA1.3. Propuxéronse solucións de configuración.</p> <p>CA1.4. Avaliouse a viabilidade das solucións.</p> <p>CA1.5. Seleccionouse a solución idónea para configurar o sistema ou a modificación.</p> <p>CA1.6. Colaborouse entre compañeiros durante a realización das tarefas.</p> <p>CA1.7. Amosouse interese pola evolución tecnolóxica do sector.</p> <p>CA2.1. Identificáronse os sistemas, os grupos funcionais e os elementos mecánicos afectados.</p> <p>CA2.2. Configuráronse os sistemas mecánicos, satisfacendo os requisitos funcionais.</p> <p>CA2.3. Identificáronse os elementos mecánicos que requiran determinar as súas dimensións e formas.</p> <p>CA2.4. Identificáronse os elementos ou compoñentes críticos do produto.</p> <p>CA2.5. Especificáronse os esforzos aos que están sometidos os elementos e os órganos, así como as súas dimensións.</p> <p>CA2.6. Establecéronse as dimensións de elementos e órganos.</p> <p>CA2.7. Seleccionáronse os elementos mecánicos comerciais e de subministracións industriais.</p> <p>CA2.8. Calculouse a vida útil dos elementos normalizados sometidos a desgaste ou rotura.</p> <p>CA1.1. Seleccionouse a escala que cumpra utilizar.</p> <p>CA1.2. Determináronse alzados, plantas e seccións necesarios para lle dar unha mellor definición ao debuxo.</p> <p>CA1.3. Ordenáronse as vistas ou as informacións necesarias que aparecen nun mesmo plano.</p>

CA1.4. Representáronse os alzados, as plantas, os perfís e as seccións que forman parte da información gráfica que conteñen os planos.

CA1.5. Seleccionáronse os utensilios, o soporte e os formatos máis adecuados para a realización dos planos.

CA1.6. Identificáronse e nomeáronse os planos que inclúe o proxecto.

CA1.7. Cotáronse os planos, determinando a posición e a ensamblaxe dos sistemas mecatrónicos.

CA1.8. Identificouse a simboloxía de elementos normalizados nos planos.

CA2.1. Empregáronse criterios de medición na realización das medicións.

CA2.2. Empregáronse criterios de valoración para a elaboración de orzamentos.

CA2.3. Utilizáronse aplicacións informáticas na elaboración do orzamento.

CA2.4. Utilizáronse bases de datos de prezos de instalacións.

CA2.5. Xeráronse os prezos a partir de catálogos de fabricante.

CA3.1. Determinouse o plan de obra da implantación ou modificación dun sistema mecatrónico.

CA3.2. Elaborouse o prego de condicións dun sistema mecatrónico.

CA3.3. Determináronse as condicións de entrega, embalaxe e transporte das subministracións que deba cumprir o provedor.

CA3.4. Realizáronse propostas de homologación de elementos non estandarizados.

CA3.5. Elaborouse o manual de funcionamento dos sistemas mecatrónicos.

CA3.6. Compuxéronse e montáronse ordenadamente os documentos do sistema mecatrónico.

CA3.7. Actualizáronse os historiais dos elementos mecatrónicos e das modificacións realizadas sobre eles.

CA3.8. Establecéronse pautas para a revisión e a actualización da documentación técnica.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

- 50% Exámenes. Estes exames son presenciais e de obrigatoria asistencia. Considérase superada cunha calificación superior a 5. No caso de non presentarse o exame ou a calquer control ca data marcada con antelación, e non xustificar a non asistencia, o alumnado deberase presentar o exame final con esa parte pendiente.

- 50% Traballos entregados: prácticas e proxectos. Valorarase a resolucións de exercicios e problemas, memorias, solucións constructivas, interpretación da normativa, claridade na exposición de contidos, método de traballo, a limpeza, a orde e a entrega en prazo.

- Para aprobar é necesario sacar una nota mínima dun 5 sobre 10 en cada unha das partes.

- A nota será igual a parte enteira sen decimais obtida da operación anterior.

- Nas cualificacións do boletín empregáronse para redondear a regra xeral do redondeo: cando a parte decimal sexa 5 ou maior consideráronse o enteiro superior, tomándose o enteiro inferior no resto dos casos.

- A nota final da avaliación realizada será a media ponderada das unidades didácticas que entraron nesa avaliación.
O alumno acadará a avaliación positiva no módulo se supera cun 5 todas as avaliacións realizadas no centro .

A nota final do módulo será a media ponderada das unidades didácticas.

COPIA, PLAXIO E APROPIACIÓN:

No caso de producirse copia, plaxio ou apropiación de probas, traballos ou prácticas, procederase a calificación dese traballo, proba ou práctica cunha calificación con cero puntos

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

No mes de Febreiro previo a incorporación a empresa, farase unha recuperación da materia non superada durante o curso.

En caso de que algún alumno non superase este exame o alumno terá unha recuperación no mes de setembro das partes suspensas, seguindo os mesmos criterios de cualificación descritos no apartado 5.

O alumno que non alcance un positivo na avaliación da parte do módulo impartido no Centro Educativo, realizará as tarefas propostas para a recuperación da materia.

COPIA, PLAXIO E APROPIACIÓN:

No caso de producirse copia, plaxio ou apropiación de probas, traballos ou prácticas, procederase a calificación dese traballo, proba ou práctica cunha calificación con cero puntos.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Será de aplicación o Artigo 14 apdo3 da Orde de 14 de xuño de 2018 pola que se autorizan proxectos experimentais de formación profesional dual.

Non se recolle avaliación extraordinaria

Dado que é unha FP Dual pola cal están percibindo unha remuneración económica non se considerou que o alumno teña perda de avaliación continua.

Así mesmo o alumno será excluído do proxecto do formación dual nos seguintes casos:

a) Por faltas repetidas de asistencia ou puntualidade non xustificadas.

b) por actitude incorrecta, atendendo o código disciplinario da empresa, ou por falta de aproveitamento.

Consideraranse faltas repetidas de asistencia máis de 3 días (consecutivos ou non) sen xustificar no mesmo módulo.

No caso de que o alumno se ausente por horas e tendo en conta que cada día está composto por 6 horas lectivas, considerarase que un alumno con 18 faltas supera o límite permitido en este tipo de formación.

Para as faltas de puntualidade está xa recollido nas NOF que 3 faltas de puntualidade son 1 de asistencia.

Polo tanto o alumno que acada este número de faltas non pasa pola perda de Avaliación continua, xa que quedaría excluído do Ciclo Dual.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

O seguimento da programación realizarase conforme ao modelo definido no documento de calidade ao efecto.

As ferramentas continuas, da avaliación da práctica docente, que se utilizarán son:

- Suxestións do día a día xurdidas na aula.
- Reunións mensuais do departamento.
- Suxestións realizadas polo alumnado nas avaliacións.

As ferramentas anuais, da avaliación da práctica docente, que se utilizarán son:

Para levar a cabo o seguimento da programación celebraremos segundo o calendario establecido (unha vez o mes), unha reunión para analizar o grao de cumprimento das programacións.

Nesta reunión farase unha valoración xeral das actividades de ensino-aprendizaxe realizadas ata o momento, especialmente no que afecta o tempo o que precisan para o seu correcto desenvolvemento, a metodoloxía empregada, os resultados de avaliación obtidos e as oportunas medidas de axuste que se propoñen para a mellora práctica docente coa conseguinte xustificación do porque destas modificacións. Para facer este seguimento emprégase o modelo establecido polo sistema online da páxina: www.edu.xunta.es/programacions.

A avaliación da propia práctica docente realízase de dúas formas:

- 1.- Analizando trimestralmente os seguintes aspectos: metodoloxía utilizada, obxectivos acadados en cada UD, nivel de adquisición dos resultados de aprendizaxe, pertinencia dos criterios de avaliación programados e adecuación das explicacións realizadas na aula.
- 2.- A partir dos resultados da enquisa de Satisfacción da labor docente, observando o histórico dos distintos cursos/ciclos e intentando ir solventando as reclamacións indicadas polo alumnado, tentando deste xeito ir mellorando paulatinamente a práctica docente.

O remate do curso, farase unha memoria cos datos xerais do curso e unha relación propostas concretas e xustificadas de mellora para o vindeiro curso, especialmente no que afecta as instalacións, os recursos, as actividades, a metodoloxía, a avaliación e a temporalización dos contidos

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Por tratarse de alumnado que foi seleccionado mediante proba escrita, non procede realizar outra proba inicial. polo que a avaliación inicial realizarase, fundamentalmente, a partir da información procedente de:

- A formación académica, experiencia laboral e/ou procedencia do alumnado.
- A observación do alumnado e as actividades realizadas nas primeiras semanas do curso.

Asimesmo, ao inicio do curso, convocarase unha reunión do equipo docente para facer a avaliación inicial do grupo. Nesta sesión, o titor dará a información dispoñible sobre as características xerais do grupo ou sobre as circunstancias especificamente académicas ou persoais, con incidencia educativa, do alumnado que compoñe o grupo.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Como medida xeral de atención diversidade realizaranse en cada unidade didáctica unhas actividades de reforzo educativo para os alumnos que precisen fortalecer, conceptos e procedementos. Estas actividades de reforzo están orientadas a alcanzar os mínimos esixibles expostos no apartado 5.

Por outra parte, en cada unidade didáctica farase algunha actividade de ampliación, co fin de atender a aqueles alumnos que mostren especial interese, unha motivación puntual ou maior capacidade. Con estas actividades pretendemos relacionar conceptos e ampliar contidos que permitan progresar ao alumno no proceso de ensino - aprendizaxe.

Calquera medida de atención á diversidade que se saia das medidas ordinarias (agrupamentos, reforzo educativo, etc) realizárase contando co diagnóstico, asesoramento e seguimento do departamento de orientación.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Durante o proceso de ensinanza-aprendizaxe do módulo fomentárase tanto o traballo en equipo como o pensamento individual. Asimesmo animárase aos alumnos a participar na posta en común das dúbidas que poidan surxir así como das solucións para as mesmas. Tamén se contribuirá á búsqueda de información, á toma de conciencia e posta en práctica das medidas de calidade, seguridade e saúde, e fomentárase o coidado polo medio ambiente e polo aforro.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Ó longo do curso organizaranse distintas actividades complementarias neste módulo, de interese para a formación dos/as alumnos/as. No momento da elaboración desta programación ditas actividades está prevista a visita de todo o grupo ás distintas empresas que participan no proxecto de dual neste curso.

10. Outros apartados**10.1) Situación hipotética de suspensión de clases físicas polo COVID-19. semipresencial ou a distancia**

No caso de que a situación de pandemia, ou outros motivos que obrigue á suspensión das clases presenciais, estas continuarán de modo virtual. Empregarase unha plataforma de videoconferencia e a aula virtual para levar a cabo as sesións lectivas, que terán lugar no seu horario habitual. Nos primeiros 40 minutos de cada sesión impartirase docencia, e nos 20 minutos restantes o alumnado poderán realizar actividades ou preguntar dúbidas. Os/as alumnos/as deberán ter a cámara acesa durante toda a clase online. O caso contrario considerarase como falta de asistencia.